

Emili Teixidor

Pan negro

A tradución desta obra contou coa axuda do Institut Ramon Llull



Título orixinal: *Pa negre*.

© Emili Teixidor, 2004.

Tradución: © Eduard del Castillo Velasco

O tradutor quere agradecer a colaboración de todas aquelas persoas que atenderon con paciencia e responderon con sabedoría as súas dúbidas lingüísticas. Cómpre salientar o traballo desinteresado de Alejandro Tobar e de Camiño Noia, que levaron a cabo a revisión lingüística desta tradución. A todos e a todas, moitas grazas.

Subtítulos da película: © Óscar Iglesias Álvarez

© Fundación Vicente Risco, decembro de 2011.
Rúa San Lorenzo 3, 32660 Allariz (Ourense).
www.fundacionvicenterisco.com

Licenza outorgada por Columna Edicions Llibres i Comunicació, S.A.U.
Columna Edicions. Peu de la Creu 4, 08001 Barcelona.

Esta edición inclúe un DVD do filme na súa versión orixinal en catalán subtitulada en galego, realizada polo Festival Internacional de Cine de Ourense (OUFF). O DVD non se vende por separado.

Depósito legal: DL OU 159-211
ISBN: 978-84-939378-0-5

Deseño e maquetación: Miguel Mosquera
Impresión: Gráficas Anduriña

Fotografía da portada: “Nenos xogando en Arzúa” (1957), de Luís Martínez-Risco López.

A reprodución total ou parcial deste libro cunha finalidade comercial débese solicitar previamente ao editor.

Emili Teixidor

Pan negro

XXXIII Premi Joan Crexells 2003

Premi Lletre d'Or 2004

I Premi de Narrativa M. Àngels Anglada 2004

Premi Nacional de Literatura 2004

A Pep e a Marina.
A Joan Rosaura e a Anna M. Camprubí, amigos.

La mentira de la Historia es la mentira misma de la Realidad.

Hay un sinfín de vaguedades que se cuelan por las grietas de la Realidad. Cuando se hace Historia, aquél que la hace está configurando sus límites en unos nombres, en unas cifras, incluso, y por tanto está pretendiendo apresar de una forma finita, real, aquello que está lleno de infinitudes. Hay un momento en que evocando un hecho cualquiera de su mundo, uno no se siente contento con la explicación, con la denominación, con la cuantificación de la Realidad. Uno siente que aquello no era verdad; que pretendía ser verdad, pero que no lo era.

AGUSTÍN GARCÍA CALVO

Seria hipócrita mirar atrás, cara aos anos 1940-1945, e dicir que foi unha época terrible. Coido que aínda estamos de cheo nesa época.

W. G. SEBALD

I

Cando ía bo tempo, desde a Pascua florida ata comezos de outono, cando o bosque cambiaba de cores, viviamos nas pólas das árbores.

Gabearamos por todas as árbores da horta das froiteiras, abondo fortes para aguantar dos tres e abondo baixas para que puidésemos rubir por elas sen escada, mais despois de probalas, escollemos a ameixeira vella como gorida definitiva. A ameixeira ou o ciroleiro vello tiña a galladura do tronco ancha, acolledora e escura como o fondo dun pote, e as tres pólas que lle nacían permitían que nos instalásemos nela con comodidade, apoiar o lombo e repartir o espazo con precisión: tocaba unha póla para cadaquén.

A enforcadura era o lugar común onde nos encontrabamos. As pólas, en cambio, eran terreos privados, cada un gardada nelas as cousas que quería, trataba as poliñas como lle parecía, penduraba fitas ou papeis nas follas, apañaba as ameixas só para el e non tiña obriga ningunha de compartilas cos seus curmáns, e mesmo podía non responder ás preguntas lanzadas desde as pólas veciñas, coma se se encontrase nunha estancia pechada e a follaxe fose unha parede que non deixaba pasar as palabras.

As outras árbores, veciñas da ameixeira vella, eran maceiras as máis delas, algunhas pereiras, ameixeiras novas con pólas delgadas de máis para soportar os nosos movementos, árbores chaparreiras, dicía a avoa, coa ramaxe espesa e de pouca altura. Máis alá da horta había un par de olmos medio comestos e a cerdeira na beira do camiño; os carballos da carballeira do prado estaban a rentes do bosque pequeno e o sabugueiro inmenso detrás da casa, tan alto que nunca lle deramos contado todas as pólas, ramificadas ata o infinito, como unha rede que se estendía máis arriba do tellado da masía. O sabugueiro era a árbore da avoa Mercè porque disque as flores que daba eran medicinais, e sempre que podiamos deixabamos as fiestras de detrás da casa abertas para que entrase o perfume das flores do sabugo —o recendo, dicía a avoa— e que só respirando aquel olor marchasen todas as enfermidades, que ela chamaba doenzas.

Só a ameixeira vella tiña as pólas longas e fortes dabondo para acollernos ben. Unha casa vexetal coa madeira rugosa, escura e avellentada dunha cabana no medio do bosque ou dunha parede enfeluxada da cociña.

As maceiras eran demasiado pequenas e, cando as mazás asazoaban, toda a copa colgaba cara abaixo como o ventre dunha muller preñada. E cando estaban

floridas, o perfume era demasiado intenso e engoxante e as flores demasiado brancas e mestas. Coas pereiras pasaba o mesmo. Os olmos dábannos noxo ou metíannos medo, tiñan o tronco demasiado vello, sucio e furado, parecía podre-cido e a follaxe era pequena de máis para a magnitude da árbore, como o ferreiro da vila e os homazos que lle levaban os cabalos a ferrar, que tiñan o peito grande e a cabeza pequena. A cerdeira era máis acolledora, pero a follaxe era demasiado espesa e os ramos de cereixas delicados de máis para as nosas actividades aéreas; as cereixas tinguían a roupa, as mans e mais as pernas e delatábannos. E ademais, a súa situación, a carón do camiño que chegaba á masía polo lado da cociña e do prado e levaba á vila da nai, a vila das fábricas, facíaa demasiado visibles aos ollos dos maiores. Os carballos quedaban moi lonxe da casa, aínda que resistían ben as nosas arremetidas. E o sabugueiro era inalcanzable, a árbore da avoa, o prodixio medicinal que restauraba a vida, e considerabámolo case sagrado.

O ciroleiro vello era o refuxio xusto. Diante mesmo da entrada da masía, bastante apartado para que nos puidésemos agochar e suficientemente á vista para que non dixesen que escapabamos do traballo, coas follas e a ramaxe espesas e á distancia exacta para formar unha especie de cortina que nos permitía ver sen ser vistos cando estabamos enriba, case á altura da primeira solaina da casa.

Desde alí controlabámolo todo: a entrada, as solainas, as cortes... Na banda esquerda viamos o prado dos carballos a carón da corredeira da cerdeira que levaba ata casa Tona e outras masías veciñas pasando polo bosque pequeno ata a vila da nai, e un segundo camiño máis ancho que daba a volta toda á casa pasando a par do pozo e dos bebedoiros e das pedras de sal para o gando; e, á dereita, cercados por un enreixado de arame, podíamos ver as cortes do gando, o galiñeiro, o cortello dos cochos, a eira ou o campo de mallar co palleiro, a palleira e o pallote —a avoa dicía que a xente de cidade non sabía distinguir un palleiro dunha palleira; con este pequeno detalle ela coñecía se eran xente de zocas ou de zapato plano—, a fochanca de auga no cume do outeiroño que facía o terreo e o bosquiño das abeleiras que estremaba coa horta do convento dos frades, separados por unha parede de pedras. O segundo camiño volvía saír despois de arrodear a casa e convertíase no camiño da escola e da aldea, a rentes do bosque grande que enchía toda a paisaxe do fondo menos o lado da estrada de Vic, coa dobre ringleira de plátanos vellos e unha chea de cultivos e mais o calimbornio escuro do convento de San Camilo de Lelis, o convento dos enfermos desafiuzados.

Enriba da ameixeira, estomballabámonos ao longo das pólas coas mans ou os brazos encostados nos ramallos pequeneiros, o Quirze pequeno no polón máis alto, eu no do medio, e a Núrria, a pequecha, a das trenzas de ouro, un pouquiño por baixo do meu, de costas e de cabeza á masía, mentres que nós, os raparigos, tiñamos a casa diante, non nos cumpría nin mover a cabeza para velo todo, os

visitantes que chegaban polo camiño, as mulleres sentadas na solaina de arriba debullando millo ou zurcindo a roupa, os homes nas cortes, as bestas anoxadas na eira ou de fociño na pía, os cans no poial da entrada, os cabalos amarrados á argola da esquina...

A Núria queixábase sempre de que non vía nada. Chamabámola a Choricas.

—Que pasa..., que pasa..., que asexades? —preguntaba cando o Quirze pequeno e mais eu comentabamos con aires de superioridade o que viamos desde os nosos lugares de vixía.

—Non vemos nada —respondía seco o Quirze pequeno sen nin sequera mirala, coma se falase para el mesmo—. Agora, a esta hora da sesta, non se ve nada, non che hai ningún.

A Choricas comezaba a choromicar que non había dereito, que desde a súa póla non podía ver o que pasaba. Mais nós non lle faciamos caso ningún, coma se non a oísemos. Cando paraba, distraída por algún bechiño ou para trenzar o pelo louro que nunca levaba ben trenzado, o Quirze pequeno, coma se fixese unha concesión, coma se seguise falando para si, mais con voz alta dabondo para que o oísemos todos e cun ton que arremedaba a voz e as expresións da avoa Mercè cando nos contaba historias de medo —de meter medo, diciámon-lles nós— engadía:

—Esta hora é como o corazón da noite, cando só se pode sentir o ruído do bosque. Se vai vento, o chíio da curuxa que trae mal agoiro, os gritos de medo dos enfermos que están na agonía, as campás do convento, se os frades chegan a tempo de confesalos e de darlles a extremaunción, e os ouveos dos defuntos que morreron en pecado mortal...

A Choricas tapaba as orellas e suplicaba:

—Cala!

O mesmo que facía cando a avoa chegaba nas súas historias ao momento máis emocionante e agardado, cando o machado do verdugo estaba a piques de cortar o pescozo delicado da raíña de pel branca, ou o ladrón quitaba da faixa a faca afiada e reclamaba o corazón da doncela máis nova e máis bonita.

E o Quirze pequeno e mais eu escachabamos a rir.